

Escola Municipal de *Golf*

2021
2022



Rapaces e
rapazas nacidos/as
entre 2004 e 2011

OLEIROS
DEPORTE


Concello de
Oleiros

Escola Municipal de Golf

2021
2022

Rapaces e rapazas
nados/as entre
2004 e 2011

(Só empadroados/as
en Oleiros)

Coa recente posta en marcha do Campo de Golf de Xaz, o Concello de Oleiros ten interese en divulgar e dar a coñecer a práctica do golf entre a poboación en idade escolar do municipio. Para iso, e grazas a un convenio de colaboración entre o propio Concello de Oleiros e as sociedades que xestionan o campo de golf de Xaz, créase a **Escola Municipal de Golf**.

Esta escola deportiva ten por **obxectivo** iniciar o noso alumnado no deporte do golf ao tempo que se inculcan valores propios da disciplina en particular e do deporte en xeral.

Os **contidos** básicos que se impartirán tratarán en primeiro lugar as *reglas básicas* do golf, tanto as propias do xogo, como as denominadas de “*etiqueta*” (comportamento e condutas a ter en conta). En segundo lugar, contidos técnicos relacionados co denominado *xogo curto e xogo longo* (Approach, Putt, Drive, Ferros, Golpes a green). E en terceiro lugar, aspectos como a *visualización* do golpe, entendido

como o proceso de imaxinar o voo da bóla antes de golpear, e a *propiocepción* e o *control postural*, fundamental para conseguir movementos coordinados no golpeo.

Como todo proceso de iniciación deportiva a **metodoloxía** caracterizarase pola utilización do xogo como unha ferramenta esencial do proceso de aprendizaxe, que deberá ser adaptado ás diferentes idades ás que irá dirixida a escola.

O **programa** de actividade terá lugar no Campo de Golf de Xaz desde outubro de 2021 ata xuño de 2022, coincidindo sempre as súas sesións co calendario escolar. O custo da actividade será de 17€/mes para os grupos A, B e C; e de 8€/mes para os grupos D e E.

A **estrutura** do curso organízase en 5 quendas en función de diferentes horarios e idades. Cada alumno/a terá dúas ou unha sesión semanais de 45 minutos/sesión de duración segundo a idade.

Destinatarios/as e quendas:

- **Grupo A:** para escolares nados/as entre **2010 e 2011**.
Luns e martes de 16:30 a 17:15h (máximo 16 prazas).
- **Grupo B:** para escolares nados/as entre **2008 e 2009**.
Mércores e xoves de 16:30 a 17:15h (máximo 16 prazas).
- **Grupo C:** para escolares nados/as entre **2006 e 2007**.
Mércores e xoves de 17:15 a 18:00h (máximo 16 prazas).
- **Grupo D:** para escolares nados/as entre **2004 e 2005**.
Luns de 17:15 a 18:00h (máximo 16 prazas).
- **Grupo E:** para escolares nados/as entre **2004 e 2005**.
Martes de 17:15 a 18:00h (máximo 16 prazas).

O Concello de Oleiros achegará todo o material necesario para a actividade.



Proceso de preinscripción, formalización e sistema de pagamento:

O prazo de preinscripción será do **1 ao 14 de setembro**. Dada a limitación de prazas en cada quenda, se as preinscricións recibidas neste período sobrepasan as prazas ofertadas, realizariamos un sorteo público coas solicitudes recibidas ata o día 14. O sorteo terá lugar no auditorio da Fábrica (rúa do Inglés nº 13, Oleiros) na data que se publicará na páxina web municipal no departamento de Deportes.

Posteriormente publicaranse as listas de persoas admitidas e quedará confeccionada a lista de reserva.

En caso de que queden vacantes cubriranse pola orde da lista de reserva.

A partir deste prazo poderán preinscribirse incorporándose á lista de reserva en último lugar.

O sistema de pagamento será por medio de domiciliación bancaria. O documento para realizar este trámite enviarase á persoa interesada unha vez se confirme a admisión no curso.

As preinscricións deberán realizarse a través da SEDE ELECTRÓNICA. Pode atoparse enlace directo á preinscrición na páxina web municipal no departamento de Deportes:

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-deportes-turismo-formacion-e-emplego/deportes>



OLEIROS
DEPORTE



Concello de
Oleiros